MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego
"Luis Freire"

Volume 24
2021

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

Deseño de dúas rutas micolóxicas na «Senda da Auga» (Redondela, NO. de España): descrición, proposta de sinalización e de divulgación

por
T. Albizúa[1] & M.L. Castro[2]

Albizúa, T. & Castro, M.L. 2021. Deseño de dúas rutas micolóxicas na «Senda da Auga» (Redondela, NO. de España): descrición, proposta de sinalización e divulgación. *Mykes* 24: 137-143.

Resumo

Neste traballo amósase o deseño de dúas rutas micolóxicas con carácter didáctico, nun tramo da «Senda da Auga» (Redondela), despois de estudar a súa micobiota durante o outono de 2019.

Palabras clave: macromicetos, micobiota, Galicia, NO. Península Ibérica, rutas micolóxicas didácticas.

Albizúa, T. & Castro, M.L. 2021. Design of two mycological routes in the «Senda da Auga» (Redondela, NW Spain): description, signaling proposal and dissemination. *Mykes* 24: 137-143.

Summary

This paper shows the design of two mycological routes with a didactic nature, in a section of «Senda da Auga» (Redondela), after studying their mycobiota during the autumn of 2019.

Keywords: macromycetes, mycobiota, Galicia, NW Iberian Peninsula, didactic mycological routes.

Laboratorio Micoloxía, Facultade de Bioloxía, Campus As Lagoas-Marcosende, Universidade de Vigo, E-36310-Vigo; correo: [1]*albizua.cabaleiro.tixiana@gmail.com*; [2] *lcastro@uvigo.es*

Introducción

Os fungos realizan funcións moi importantes para os ecosistemas e para a sociedade. Nos primeiros destacan por ser os principais axentes responsables da degradación da materia orgánica, saprotróficos, de boa parte do crecemento das plantas, micorrizas, e da desaparición dalgunhas plantas e animais, necrotróficos. Ademais, as súas hifas minimizan a erosión do solo e aumentan a retención de auga (Molina *et al.*, 2001). Por outra banda, destaca o aproveitamento dos mesmos como comestibles, complementos alimentarios, fabricación de materiais biodegradables, ...

A pesar da súa importancia, segundo se indica en estudos realizados a partir dos anos setenta (Penttilä *et al*., 2006), a micobiota está decrecendo debido a un conxunto de factores, principalmente causados por accións humanas (Courtecuisse, 2001), por iso é de suma importancia o coñecemento e a implementación de medidas para a conservación das especies, o que só é posible coa participación activa da sociedade e de profesionais relacionados coa micoloxía (Dahlberg *et al*., 2010).

Por outra banda, nos últimos anos aumentaron o número de actividades con base no micoturismo, estas, en maior ou menor medida, teñen un ámbito educativo xa que mostran aspectos importantes dos fungos (Lázaro, 2008). Por esta razón considérase que se deben introducir na educación ambiental, así as persoas serán conscientes da súa importancia no planeta e, por conseguinte, da súa conservación (Martínez, 2010).

Neste traballo deséñanse dúas rutas micolóxicas con carácter didáctico, que pretenden transmitir á sociedade o valor dos macromicetos nos ecosistemas, o que sería útil para a conservación da micobiota (Courtecuisse, 2001). Só o que se coñece pode ser respectado.

A «Senda da Auga» é unha ruta natural que se sitúa entre Vigo e o encoro de Eiras (Fornelos de Montes), na provincia de Pontevedra. Pasa por Redondela, Mos, Soutomaior e Pazos de



Fig. 1. «Ruta Micolóxica do Fondón», en verde e «Ruta Micolóxica das Pedriñas», en vermello. Na esquina inferior dereita, situación na provincia de Pontevedra (modificado Xunta de Galicia, 2020).

Borbén. As dúas rutas que se pretenden sinalizar coinciden ademais cun tramo do Camiño de Santiago («Camiño Portugués da Costa»).

A primeira, «Ruta Micolóxica do Fondón», está entre o km 5,3 e o 7, polo que comprende 1,7 km, e atópase entre as parroquias de Chapela e Trasmañó. E a segunda, «Ruta Micolóxica das Pedriñas», entre o 7,5 e o 10,2 (consta de 2,7 km), e localízase na parroquia de Cedeira [Fig. 1].

Ademais, as especies recollidas identificáronse para poder realizar un catálogo da zona (Albizúa & Castro, 2021).

Metodoloxía

Tras unha visita previa á zona, durante os meses de setembro, outubro e novembro de 2019 recolléronse mostras de macromicetos e leváronse ao laboratorio de Micoloxía da Universidade de Vigo para proceder á súa posterior identificación (Albizúa & Castro, 2021).

Por outra banda analizouse a abundancia das especies e selecionáronse as 10 máis frecuentes para incluír nos carteis descritivos das rutas. Para o deseño destes carteis informativos e do díptico divulgativo usouse PhotoScape X e Microsoft PowerPoint.

Resultados e discusión

Identificáronse ao redor de 200 taxons, parte deste catálogo foi publicado por Albizúa & Castro (2021).

Os resultados da análise de abundancia das especies son adecuados para a elaboración de carteis, xa que se observa suficiente diversidade na micobiota e distintas estratexias nutritivas. Entre elas destaca *Amanita rubescens* Pers. por ser a especie máis abundante [Fig. 2].



Fig. 2. Especies máis frecuentes observadas na ruta.

As rutas micolóxicas están dirixidas ao ámbito educativo, é dicir, preténdese que a poboación aprenda máis sobre os fungos macromicetos, aqueles que producen cogomelos, xa que son máis fáciles de observar e ofrecen maior interese social.

A maneira óptima de percorrer as rutas é de forma continua e unidireccional, un total de 4,9 km. O inicio é na «Ruta Micolóxica Fondón», logo só hai que seguir o camiño de terra xa establecido pola «Senda da Auga» ata chegar á «Ruta Micolóxica das

Pedriñas», tras pasar una zona urbana. Durante o traxecto as persoas poderían obter a información a partir dos carteis, ao mesmo tempo que poderían observar os cogomelos.

Ao longo das rutas proponse a instalación de tres tipos de carteleira:

1) XERAL, dispostos ao inicio de cada unha das rutas, nos que figura un mapa e unha pequena introdución sobre os fungos [Fig. 3],

Fig. 3. Cartel inicial para a «Ruta do Fondón».

2) MICOLÓXICA, que conteñen explicacións sobre distintos aspectos dos fungos, como a nutrición e as funcións ecolóxicas [Fig. 4], e

3) MICOBIOTA, que conteñen unha breve descrición das especies máis abundantes [Fig. 5].

Considérase imprescindible divulgar estas rutas, polo que se propón o deseño de dípticos informativos, formados pola portada, a contraportada e dúas páxinas con información referida ás rutas, incluíndo mapas e referencias á lexislación en vigor relacionada coa apaña de cogomelos, así como os datos de contacto da institución responsable.

Ao longo da «Senda da Auga», ademais destas dúas rutas micolóxicas propostas con fins didácticos, poderían ser

Fig. 4. Modelo para explicar os tipos de nutrición dos fungos.

Fig. 5. Modelo de cartel micolóxico explicando unha das especies frecuentes.

deseñadas outras nalgún outro tramo arborado, previo estudo da micobiota do mesmo.

Referencias bibliográficas

Albizúa, T. & Castro, M.L. 2021. Catálogo das ordes *Leotiales* e *Pezizales* (*Ascomycota*) e *Boletales*, *Cantharellales*, *Geastrales* e *Phallales* (*Basidiomycota*) na «Senda da Auga» (Redondela, NO. España). *Mykes*, 24: 49-68.

Courtecuisse, R. 2001. Current trends and perspectives for the global conservation of fungi. *In*: Moore, D., Nauta, N.M., Evans, S.E., Rotheroe, M. (Eds.). *Fungal Conservation: Issues and solutions*. New York. Cambridge University Press: 7-18.

Dahlberg, A., Genney, D.R. & Heilmann-Clausen, J. 2010. Developing a comprehensive strategy for fungal conservation in Europe: current status and future needs. *Fungal Ecol.*, 3(2): 50-64.

Lázaro, A. 2008. El aprovechamiento micológico como vía de desarrollo rural en España: las facetas comercial y recreativa. *Anales Geogr. Univ. Complutense*, 28(2): 111-136.

Martínez Castillo, R. 2010. La importancia de la educación ambiental ante la problemática actual. *Rev. Electr. Educare*, 14(1): 97-111. DOI: *https://doi.org/10.15359/ree.14-1.9*

Molina, R., Pilz, D., Smith, J., Dunham, S., Dreisbach, T., O'Dell, T. & Castellano, M. 2001. Conservation and management of forest fungi in the Pacific Northwestern United States: an integrated ecosystem approach. *In*: Moore, D., Nauta, N.M., Evans, S.E. & Rotheroe, M. (Eds.). 2001. *Fungal Conservation: Issues and solutions*. New York. Cambridge University Press: 19-63.

Penttilä, R., Lindgren, M., Miettinen, O., Rita, H. & Hanski, I. 2006. Consequences of forest fragmentation for polyporous fungi at two spatial scales. *Oikos*, 114(2): 225-240.

Xunta de Galicia. 2020. *Información xeográfica de Galicia. Xunta de Galicia* (en liña). Dispoñible en: [Consulta: 11-IV-2020].

MYKES
VOLUME 24, 2021
ÍNDICE

MICOBIOTA

CASTRO, M.L.
Aportación ao coñecemento da macrobiota do Alto Minho, Portugal (III):
freguesías de Pias e Riba de Mouro, Monção..... 9

CASTRO, M.L.
Aportacións á micobiota de Trás-os-Montes (V): «Parque Biológico de Vinhais» (II)..... 37

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M.L.
Catálogo das ordes Leotiales e Pezizales (Ascomycota) e Boletales, Cantharellales, Geastrales e Phallales
(Basidiomycota) na «Senda da Auga» (Redondela, NO. España)..... 49

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Agaricales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 69

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Boletales, Cantharellales e Polyporales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 89

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F.
Aportacións ao coñecemento da biodiversidade de Myxomycetes (Amoebozoa)
de Galicia (NO. da Península Ibérica)..... 101

FRAGMENTA CHOROLOGICA GALLAECICA

GAREA, M. & REQUEJO, O.
Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 385-390..... 131

COMUNICACIÓNS

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M. L.
Deseño de dúas rutas micolóxicas na «Senda da Auga» (Redondela, NO. de España):
descrición, proposta de sinalización e divulgación..... 137

ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. & REQUEJO, O.
Estado actual do estudo dos Myxomycetes (Eumycetozoa) en Galicia (NO. Península Ibérica) I:
Antecedentes históricos..... 145

CASTRO, M. L.
Clave xénero Pisolithus (Sclerodermataceae)..... 159

MISCELÁNEAS

Actividades do Grupo Micolóxico Galego. Ano 2021 167

Instrucións aos autores..... 169

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA